



# John Stuart Mill



É imposible falar da reivindicación da muller como un fenómeno exclusivo e illado ao home. É certo que foron unha minoría. Sen embargo, a participación de homes como John Stuart Mill axudaron a consolidación do movemento feminista.

O pensamento progresista de Mill retou a “moral” da época victoriana. Durante este período as mulleres exercían papeles subordinados ao home. Estaban condeadas a vivir destinos vacíos como elementos decorativos. Non obstante, este ilustrado loitou pola inclusión feminina para que participasen en todas as cuestións civís, sustentando que a verdadeira evolución estaba no sufraxio universal.




Mill converteuse no bastón donde se apoiaría o movemento durante os seus primeiros pasos, e no alento cando as mulleres se crían derrocadas polo sistema patriarcal. Puido empatizar con cada unha delas a través das súas publicacións sobre a liberdade e o sometemento da muller, e dende o Parlamento británico, allanándolles o camiño nesa dolorosa peregrinación cara a igualdade.

A loita social de Stuart topou reforzos no fervor de grande revolucionistas como a súa esposa Harriet Taylor e Helen, a filla de ambos.

O matrimonio traballaría en conxunto para que as ideas sobre a autonomía chegase ata as zonas máis recónditas. Pois Mill, non só abogaría pola emancipación da muller, tamén loitaría pola abolición da escravitude nas colonias e os dereitos do traballador. A súa filosofía loitaba pola liberdade, como un ben inalienable ao ser humano.

A súa voz guiou a resurrección de homes e mulleres na loita pola súa autonomía. Mulleres, escravos, traballadores e todos aqueles que naufragaron en vida pola inxustiza herdada por unha sociedade de clases tan marcada.



# Harriet Taylor, a súa inspiración

Stuart e Harriet coñecíanse dende facía 21 anos antes de casarse. Aínda que dende o primeiro momento empatizaron un co outro, o intercambio de sentimentos era imposible dada a moral da época.

A situación conyugal de Harriet impediulles deixarse levar polo frenese do enamoramento. Por este motivo, ela foi xestando nas súas entrañas a causa feminista, a cal compartiría con Mill.

A filósofa, como moitas outras máis, foi vítima dun matrimonio estratéxico. Por este motivo, a situación que viviu xunto ao señor Taylor provocou un maior anhelo de reivindicación e autonomía, a cal alcanzaría a envexar. Non obstante, como o afecto entre os dous activistas crecera aínda despois de 21 anos, Harriet e Stuart casaron.

Esta unión converteuse nun exemplo de parella moderna que rompía co esquema patriarcal. Ambos miraban cara o mesmo horizonte buscando o desenvolvemento personal, mentres cooperaban un co outro. Mill, ao casarse firmou un documento no que renunciaba aos dereitos sobre Harriet. Amábanse e eran libres.

Mill presentou gran parte das publicacións de Harriet baixo o seu nome, como co ensaio “The enfranchisement of women” 1851. A autora considerou crucial que o seu marido firmase no seu lugar, desta forma a denuncia faría máis eco, ao tratarse dun home recoñecido e apreciado pola clase popular. Enamorado da súa muller e da causa, Mill converteuse nun gran cómplice do movemento feminista que axudaría a erradicar a cegueira social.

Cando Stuart enviudou, recolleu gran parte da visión do feminismo de Harriet Taylor na súa obra “O sometemento da muller” 1869 (once anos despois da súa morte).

A través do traballo de Harriet, buscaba promover a igualdade de sexos. Que as mulleres tiveran as mesmas oportunidades laborais que os homes. Tamén se apoiaría na escritura para denunciar a distinción que se facía nos tribunais. Os señores debían responder ante a xustiza pola violencia doméstica exercida contra as mulleres.

